



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **27 de decembro de 2013**, adoptou o seguinte acordo:

5.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA BEIRARRÚA PAR JENARO DE LA FUENTE. EXPTE. 2004/440.

Visto o informe de fiscalización do 26.12.13 e, de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación do 27.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro : dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de Contratación:

- Acordo da Mesa de contratación celebrada o 02/12/2013 no que se procede á exclusión da empresa E.S.O. BREOGAN, SL, e da empresa REVOLTAMAR, por non acreditar a solvencia para licitar ao presente procedemento.
- Acordo da Mesa de contratación celebrada o 12/12/2013 no que se procede á exclusión da empresa NARON, toda vez que, por erro, a oferta económica presentada corresponde á licitación das obras do expediente 2072-440 (obras estrutura de paso sobre regato Vilaverde-Pebegóns).

Segundo: adxudicar o procedemento aberto para a contratación das de humanización da beirarrúa par Jenaro de la Fuente á mercantil OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., por un prezo total de 162.000 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 28.115,70 euros, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incremento do prazo de garantía en 48 meses.
- Incremento do control de calidade nun 2%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a vinte e sete de decembro do ano dous mil trece.

rs

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

